

DSPACE da Universidade de Santiago de Compostela

<http://dspace.usc.es/>

Instituto da Lingua Galega

M. Negro Romero (2009): “O léxico tradicional no campo semántico das partes da cabeza: proposta de recuperación nos dicionarios normativos”, *Estudos de lingüística galega* 1, 235-246.



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

<http://ilg.usc.es/>

O léxico tradicional no campo semántico das partes da cabeza: proposta de recuperación nos dicionarios normativos

Marta Negro Romero
Universidade de Lisboa (Portugal)

Recibido o 11/07/2008. Aceptado o 19/09/2008

Traditional lexis in the semantic field of parts of the head: a lexical recovery proposal for prescriptive dictionaries

Resumo

No presente artigo analizamos o léxico común estándar do campo semántico das partes da cabeza, polo tanto, a nosa análise encádrase dentro do campo da lexicografía e non da terminoloxía. Para tal fin, traballamos co léxico recollido no *Diccionario da Real Academia Galega* e no *Vocabulario Ortográfico da Lingua Galega*, por consideralas as dúas grandes obras de referencia a nivel normativo, e tamén coas voces utilizadas en textos de carácter literario e nalgúns manuais e libros de texto, xa que son dous medios que poden axudar ao éxito ou fracaso dunha determinada voz fronte a outras. Tras a análise destas fontes verificamos dúas situacións a respecto do léxico patrimonial: por un lado hai formas tradicionais ou acepcións que non se rexistran, e até nalgúns casos só sobrevive o tecnicismo, e por outro lado, algunhas formas autóctonas acabaron por ser secundarizadas fronte a outras co mesmo significado. Por este motivo, na última sección propomos a recuperación ou revitalización a nivel normativo dunha serie de voces tradicionais tendo en conta a súa presenza na tradición lexicográfica, a nivel dialectal e histórico e nas linguas das áreas limítrofes.

Palabras chave

Estandarización, lexicografía, voces autóctonas, tecnicismos, castelanismos

Sumario

1. Introducción. 2. O proceso de estandarización do léxico: a influencia negativa do castelán. 3. O léxico tradicional no estándar. 3.1 Voces autóctonas ou acepcións non rexistradas no estándar. 3.2 Voces autóctonas secundarizadas. 4. Conclusión.

Abstract

This article analyses standard common vocabulary relating to the semantic field of parts of the head. Thus the study pertains to the field of lexicography rather than terminology. To this end, the two lexical resources employed were the *Diccionario de la Real Academia Galega* and the *Vocabulario Ortográfico da Lingua Galega*, considered major works of reference in normative terms. Words occurring in a number of textbooks, manuals and literary works are also taken into account, given that such publications may exert an influence on the wider use of one lexical item or another. Following an analysis of these references, two particular situations are noted in relation to the inherited lexicon. First, some traditional words or senses have been overlooked, or survive only as technical terms. Secondly, some native terms have been displaced and relegated to a secondary status, preference having been given to competing terms with the same meaning. The last section argues in favour of efforts to recover or revitalise normatively certain traditional terms, in view of their presence in the lexicographic tradition, historical and dialectal considerations and information from neighbouring languages.

Keywords

Standardisation, lexicography, native (autochthonous) terms, technical terms, Castilian terms

Contents

1. Introduction. 2. The standardisation process of the lexicon: the negative influence of Castilian. 3. The traditional lexicon within the standard language. 3.1 Native terms or meanings not incorporated into the standard language. 3.2 Displaced native terms. 4. Conclusion.

1. INTRODUCCIÓN

No presente artigo realizaremos unha análise das propostas existentes no código normativo galego para o léxico das partes da cabeza. A nosa análise vai ser de carácter lexicográfico e non terminolóxico, é dicir, centrarase no léxico común e non no léxico especializado, aínda que é certo que hai un número de termos técnicos e científicos que pasou ao vocabulario dispoñíbel. De feito, no campo léxico do corpo humano atopámonos con que numerosas voces patrimoniais foron substituídas por voces especializadas, e nalgúns casos só se ofrece no código normativo o tecnicismo. O certo é que para o lexicógrafo pode ser difícil decidir cando incluír unha voz especializada e cando non dentro do corpus do léxico común, sobre todo porque os lindes entre léxico común e especializado son difíciles de establecer.

Outra decisión que ten que tomar o lexicógrafo é a da adscrición de rexistros, é dicir, decidir se unha forma utilizada en rexistros informais vai ser incluída ou non nun dicionario. A súa ausencia ou presenza pode estar xustificada por criterios lexicográficos determinados ou por razóns "ideolóxicas". Esta é unha cuestión na que nós non imos afondar, mais na nosa análise podemos observar que, aínda que no código normativo si se rexistre a voz patrimonial, faltan indicacións nalgúns casos sobre se determinada forma é coloquial, culta... (por exemplo, cremos que no caso de *cuspe* debería indicarse a súa utilización a nivel coloquial e *saliva* debería reservarse para os usos cultos, mais non existe esta indicación no *Diccionario da Real Academia Galega*).

En canto aos requisitos que consideramos que debe cumprir a variedade estándar, estes fan perfectamente resumidos no seguinte fragmento de M^a Dolores Sánchez Palomino (2003: 390):

[...] considero que debe responder conxuntamente, por un lado, ás necesidades (presentes e futuras) de comunicación e de creación dos usuarios en tódolos ámbitos e, por outro, á fidelidade á cultura e á sociedade que a sustentan, o que equivale a dicir que a constitución dunha variedade estándar, se aspira a ser aceptada, non debe implicar unha transculturación e que, polo tanto, non se pode facer de costas á realidade oral nin tampouco á tradición escrita, á historia e ás manifestacións culturais do pobo. Ha de conciliar a procura da uniformidade lingüística cun certo respecto pola variedade (o que se traduce en ofrecer certa flexibilidade) e ser económica no seu funcionamento. Tamén é importante non perder de vista as linguas veciñas, en particular as do mesmo tronco lingüístico, que comparten boa parte dese marco sociocultural, ademais de liñas estruturais semellantes; doutro modo córrese o risco de illar a lingua.

Tendo en conta todos estes aspectos, analizamos as propostas ofrecidas polo *Vocabulario Ortográfico da Lingua Galega* (VOLGA), obra de referencia desde o punto de vista normativo e unha das fontes principais na elaboración dos dicionarios actuais, e polo *Diccionario da Real Academia Galega* (DRAG). Debido a que no VOLGA a información semántica é moi escasa, xa que se centra na fixación de denominacións, e o DRAG é un dicionario limitado tanto no número de entradas como no de acepcións, consultamos tamén o *Gran Diccionario Xerais da Lingua* (GDXL), onde se rexistran numerosos termos usuais da fala e da escrita considerados non-estándares, e o *Gran Diccionario Século 21 da Lingua Galega* (GDS21), por ser de publicación máis recente e pola súa intencionalidade de seguir organizando, sistematizando e incorporando léxico patrimonial. Para alén das obras de carácter lexicográfico, analizamos dous medios importantes para a difusión do estándar léxico, os libros de texto e manuais de ensino da lingua galega e os textos literarios, para o que botamos man neste último caso do *Tesouro Informatizado da Lingua Galega* (TILG). Ademais, recorreremos para realizar a nosa proposta, cando os datos nolo permitiron, á tradición lexicográfica (o *Diccionario de dicionarios*, en adiante DD, constitúese nun excelente instrumento para analizar as propostas léxicas ao longo do tempo); a dicionarios portugueses e españois; a dicionarios etimolóxicos e aos Atlas lingüísticos, tanto ao *Atlas Lingüístico Galego* (ALGa) como aos Atlas das áreas limítrofes. Por

último, consultamos os traballos de campo realizados polas nosas compañeiras¹ e mais por nós sobre cambio lingüístico e variación no campo léxico da cabeza (CLVLC)² para a disciplina Curso Monográfico de Lingüística Galega, impartida pola profesora Rosario Álvarez dentro da licenciatura de Filoloxía Galega no ano lectivo 2001/2002. As diversas respostas obtidas nestes traballos permitíronnos recoller numeroso léxico patrimonial, que nalgúns casos verificamos que estaba a perderse, e ofrecéronnos datos de grande interese desde o punto de vista socio-lingüístico.

Antes de analizar o léxico común estándar no campo semántico das partes da cabeza, falaremos dos problemas relacionados co proceso de estandarización do léxico, e especialmente, da influencia negativa do castelán.

2. O PROCESO DE ESTANDARIZACIÓN DO LÉXICO: A INFLUENCIA NEGATIVA DO CASTELÁN

O proceso de estandarización do léxico resulta dificultoso polo seu propio carácter, por un lado, porque é un sistema aberto e complexo, e por outro lado, como indica Antón Santamarina (1994: 76) porque “a través das palabras circulan conceptos culturais dunha lingua para outra (especialmente das linguas do mundo occidental ao que pertencemos [...]); por iso as contaminacións son moito máis difíciles de detectar aquí do que noutros niveis da lingua”.

Precisamente Antón Santamarina e Manuel González levaron a cabo un labor moi importante de depuración das contaminacións existentes a nivel léxico no galego ao elaborar o VOLGA. Un dos criterios seguidos na elaboración do vocabulario, como explica Santamarina ao inicio da obra, foi o da eliminación dos préstamos de luxo, maioritariamente castelanismos, que substituíron por voces patrimoniais galegas. Nos casos en que non foi posíbel esta substitución, recorreron ao portugués e, en menor medida, á creación de palabras.

Mais a pesar dos esforzos de depuración, no galego atopamos unha grande cantidade de castelanismos introducidos na nosa lingua moito antes da elaboración dunha proposta de codificación do léxico coma a actual, e que veñen dificultar a difusión e aceptación masiva das opcións normativas.

Un proceso interesante relacionado coa introdución de castelanismos, que nos interesa resaltar por ser frecuente no campo semántico do corpo humano, é o da restrición semántica da palabra autóctona. A falta de fronteiras claras entre os distintos rexistros levou en numerosas ocasións a asociar a palabra galega ao vulgar, ao familiar, e o castelanismo ao respecto, á formalidade, sendo claros exemplos disto as parellas do tipo *costelas* - **costillas*, *costas* - **espalda*, *figado* - **hígado* ou *riles* - **riñóns*, como ben indica no seguinte fragmento B. Fernández Salgado (2004: 503):

O uso do eufemismo nestes casos ten que ver, enunciado dun xeito simple, co problema da definición de rexistros lingüísticos dentro do galego; mellor dito, coa indefinición dun rexistro, digamos, medio-culto ou non marcado, feito que tivo que influír na psicoloxía e na ideoloxía do propio falante sobre a súa lingua. O galegofalante ve no termo castelán (*carne* de **cerdo*, *carne* de **ternera*, **acostarse*...) unha denominación de rexistro lingüístico medio sen connotacións pexorativas, connotacións que si lle parece que teñen as palabras da súa fala normal *porco*, *cocho*, *becerro*, *xato*, *deitarse*..., e que non senten como respectuosas. En última instancia, o castelán é para moitos galegofalantes a lingua do decoro, da delicadeza e a lingua culta, a do prestixio, da cal poden botar man cando a situación comunicativa así llo dicta.

¹ As nosas compañeiras nesa disciplina foron: María Rodríguez Suárez, María Jesús Paz Lema, Natividad Paramá Ferreiro, Noa Paz Pardo e Vicenta Outeiro Suárez.

² As enquisas foron realizadas nas vilas de Agolada, Muxía e A Pobra do Caramiñal, na aldea de Barizo (Cabana de Bergantiños) e na parroquia de Lampai (Teo). En cada punto, entrevistáronse dezaseis persoas, de ambos os sexos e de catro xeracións diferentes, que indicaron nunha primeira fase como denominaban oitenta partes da cabeza, e nunha segunda fase se coñecían determinadas denominacións e, en caso de coñecerlas, os motivos polos que non as indicaran na primeira fase ou polos que non as empregaban.

A influencia do español sobre o galego tamén se deixa sentir cando en galego existen dous ou máis sinónimos, un coincidente, ou case coincidente, co castelán e outro diferente. A tendencia histórica foi a de privilexiar a forma coincidente coa castelá. Pensemos no par *fronte* – *testa*, ambas as formas estándaras. A semellanza de *fronte* co castelán **frente* motivou que a forma autóctona *testa* fose relegada.

Mais esta tendencia está a ser invertida na actualidade, debido á presenza do galego na escola e nos medios de comunicación, isto é, pasouse a primar a solución diferencial. Pensemos senón no que sucede con palabras como *beizo*, *fronte* a *labio*, e *bágoa*, *fronte* a *lágrima*. Neste punto parécenos esclarecedor o seguinte fragmento de E. González Seoane (1994: 97):

[...] coexisten dúas tendencias contrapostas: unha, que podemos denominar “asimilista”, que consiste en prima-la solución coincidente co castelán, e que se manifesta especialmente nos ámbitos e nos individuos con menos contacto coa cultura formal e nos rexistros coloquial e familiar, e outra tendencia, que poderíamos chamar “diferencialista” ou, se se quere, “diferencialista moderada” (para distinguila do diferencialismo pseudoenxebrista), e que se rexistra nos falantes máis conscientes ou cultivados e nos rexistros máis formais (de xeito especial na escrita).

De todos os xeitos, o papel da escola é moito menor do que se puidera pensar inicialmente, xa que como nós mesmos tivemos ocasión de verificar na realización do traballo de campo sobre CLVLC, as persoas escolarizadas en galego coñecían as formas normativas mais en contados casos as empregaban na súa vida diaria, aínda que fosen galegofalantes (péñese por exemplo en pares como os de *pálpebra* - **párpado* ou *fazulas* - **mejillas*). De feito, outro dos problemas na estandarización do léxico é que as propostas realizadas en moi poucos casos son difundidas e aceptadas masivamente, e a aceptación acaba por ser imprevisíbel. Desde logo, as situacións descritas con anterioridade non facilitan o proceso normativizador.

3. O LÉXICO TRADICIONAL NO ESTÁNDAR

Unha vez analizadas as propostas ofrecidas no VOLGA, no DRAG, no GDXL, no GDS21 e nos manuais e libros de texto, e tras a consulta do TILG para ver a utilización a nivel literario do léxico do noso interese, puidemos comprobar que nalgúns casos só se ofrece o tecnicismo para designar algunhas das partes da cabeza, e noutros, a forma privilexiada ou ben non é a forma autóctona diferencial, senón a forma coincidente coa solución do castelán, ou ben se rexistran determinadas voces fronte a outras que, na nosa opinión, deberían tamén de estar presentes. A continuación imos comentar unha serie de voces distinguindo entre as que non se rexistran nalgunhas das obras de referencia desde o punto de vista normativo, ou de rexistrarse falta a acepción, e entre aquelas que son secundarizadas nestas obras.

3.1. Voces autóctonas ou acepcións non rexistradas no estándar

A análise dos materiais referidos con anterioridade permitiunos concluír que se fai necesaria a recuperación ben de voces autóctonas ben de acepcións que non aparecen rexistradas nalgunha das dúas obras lexicográficas que definen basicamente a codificación léxica da lingua, o VOLGA e o DRAG. Os motivos que nos levaron a considerar a necesidade de recuperación destas voces e acepcións son diversos, polo que pasaremos a comentar cada unha delas de forma individualizada.

Ala: No DD encontramos rexistrado o plural *alas* nos dicionarios da Real Academia Galega (1913-1928) e no de Eladio Rodríguez (1958-1961) para referirse aos lados exteriores das ventas da nariz e á parte superior e máis ancha das orellas, mais no DRAG non se ofrece ningunha voz para designar estas partes do corpo, ao igual que sucede no GDS21, e no GDXL só se fala das *aletas do nariz*. Para o portugués, no Houaiss, ademais da forma *aleta* referida ao nariz, recóllese o sinónimo *asa* co significado de ‘proxeción lateral dun órgano ou estrutura’ e ofrécese como exemplo o sintagma *asas nasais*.

Bugallo do ollo: A única forma recollida no DRAG para designar a esfera do ollo é o tecnicismo *globo ocular*, mais na lexicografía galega atopamos a forma autóctona *bugallo do ollo* en numerosas ocasións (véxase a táboa ao final desta sección), creada a partir da semellanza existente entre a excrecencia en forma de bóla producida polos carballos e o globo ocular. No GDXL e no GDS21 si aparece esta forma, porén, ao procurar *globo* non se ofrece *bugallo do ollo* como variante coloquial de *globo ocular*, o que dificulta a difusión desta voz autóctona que está en desuso, como puidemos verificar nos traballos sobre CLVLC, onde os informantes non sabían como designar esta parte do ollo, e só algúns dos máis novos responderon co tecnicismo aprendido na escola *globo do ollo* ou *globo ocular*. Segundo Corominas, rexístranse formas similares na área leonesa, ademais de en galego e en portugués, lingua na que tamén se utiliza informalmente *bugallo* para referirse ao globo do ollo. Este feito suxírenos a existencia dunha área compacta para tal forma. Ademais, tanto en galego como en portugués rexistramos o verbo *esbugallar* ‘abrir moito os ollos’ e o adxectivo *esbugallado*, que designa ‘a persoa de ollos redondos e saltóns’ e tamén ‘que ten os ollos grandes e saltóns ou moi abertos ou remelados’. Estes dous derivados reforzan a nosa hipótese de que *bugallo* era a forma común para designar o globo ocular.

Canto: No DRAG para referirse aos ángulos dos ollos e da boca só atopamos *comisura*, ao igual que no GDS21, mais xa desde o século XIX rexistramos en diversas obras de carácter lexicográfico a forma *canto do ollo*, e menos frecuentemente, só a partir do século XX, *canto da boca*. No GDXL si se recolle *canto do ollo* e *da boca*, mais, ao igual que sucedía en *bugallo*, ao consultar a entrada *comisura* non se ofrece *canto* como sinónimo. Nos traballos sobre CLVLC en numerosas ocasións non obtivemos resposta a esta cuestión e os máis novos responderon con termos como *comisura*, para denominar principalmente os cantos da boca, ou *lacrimal*, tecnicismo empregado para referirse ao ángulo interior do ollo. Só rexistramos a forma *recanto* nas enquisas realizadas en Agolada entre as persoas de máis idade, o que demostra que estamos perante outra forma autóctona en claro desuso. *Canto* tamén aparece como sinónimo de *comisura* en portugués.

Casco: No DD rexístrase esta forma no dicionario da Real Academia Galega (1913-1928), no de Eladio Rodríguez (1958-1961) e no glosario de Constantino García (1985) como sinónimo de *cranio*, voz tamén existente en portugués con este significado. Nos dicionarios máis modernos, só encontramos no GDS21 *casco* con esta acepción, mais non se indica que se trata dun coloquialismo.

Conca: No DD rexistramos esta forma para designar a cavidade inmediata á entrada da orella no dicionario de Carré Alvarellos, tanto na súa primeira edición (1928-1931) como na última (1972), no de Ibáñez Fernández (1956), no de Eladio Rodríguez (1958-1961) e no de Franco Grande (1972). No DRAG, no GDXL e no GDS21 só se fala da *cunca dos ollos*, mais non da *cunca da orella*. En portugués, no Houaiss, tamén se rexistra *conca da orella*.

Dente do lume e chavello: No DRAG para designar os dentes de diante só se ofrece a voz *incisivo*, e no GDS21 na entrada *dente* rexístrase *dente do lume*, mais ao consultar a entrada *incisivo* non se indica como sinónimo *dente do lume*, a diferenza do que acontece no GDXL. No ALGa atopamos este sintagma en dous puntos da Coruña e nun de Ourense, polo que seguramente tivo maior difusión no pasado. En canto á voz *chavello*, forma usada para designar os incisivos e caninos cando son grandes e sobresaen do resto, non se rexistra no DRAG, e no VOLGA indícase como sinónimo *chavello*, o que nos leva a pensar que non se refire aos dentes. No GDXL e no GDS21 si está presente, ao igual que na tradición lexicográfica (véxase táboa).

Fonte: No DRAG atopamos *sens*, *tempa* e *vidalla* para designar cada unha das partes laterais da cabeza, entre a parte superior das órbitas dos ollos e as orellas, e no VOLGA danse *tempa* e *vidalla* como sinónimos de *sen*, mais non *fonte*. Dos dicionarios actuais, só no GDXL *fonte* posúe esta acepción. Na tradición lexicográfica rexístrase esta palabra no DD no dicionario de Carré Alvarellos (1928-1931 e 1972) e no glosario de Constantino García (1985). Porén, esta voz rexístrase no ALGA e no *Atlas Lingüístico da Península Ibérica* (ALPI) en puntos do sur de Ourense, do nordeste da Coruña e no extremo sur de Pontevedra, o que pode ser indicio de que antigamente a súa extensión a nivel dialectal era maior. Ademais, Corominas fai referencia á súa existencia no galego-portugués, e de feito é a resposta maioritaria nas enquisas do *Atlas Lingüístico-Etnográfico de Portugal e da Galiza* (ALEPG).

Goio: No DRAG non se rexistra esta voz e no VOLGA *goio* significa 'pozo'. No DD tamén aparece co significado de 'buraco nunha superficie' en Filgueira Valverde (1926), Aníbal Otero (1949-1977), Eladio Rodríguez (1958-1961) e Franco Grande (1972). No ALGA existen igualmente rexistros de *goio* co significado de 'concavidade na terra'. Corominas indica que o galego *goio* é talvez unha alteración de *foio* 'buraco nunha superficie', e fala da súa utilización sobre todo para referirse ás pociñas formadas nas fazulas femininas, para o que ofrece un exemplo de Castelao. No TILG atopamos *goio* por primeira vez en *Retrincos* (1928) de Castelao (podería tratarse dun neoloxismo de autor), e con posterioridade oito rexistros máis. No GDXL *goio* posúe a acepción de burato no queixo, mais na entrada *burato* rexístrase *burato do queixo* e non se ofrece *goio* como sinónimo. No GDS21 amplíase xa o significado aos buratos que se forman nas fazulas ao sorrir.

Mazá da cara: Tanto no DRAG como no resto das obras de carácter lexicográfico consultadas non se rexistra este sintagma para designar os ósos que sobresaen debaixo dos ollos. Porén, no ALGA existen rexistros no sur da provincia de Pontevedra e curiosamente en Aguiño (Ribeira), o que pode ser indicio da súa maior difusión no pasado. No portugués esta forma segue a ser utilizada, como pode verificarse no dicionario Houaiss.

Moa cabeira: No DRAG só se rexistran *moa do xuízo* ou *do siso*, mais nas obras lexicográficas consultadas (véxase táboa a seguir) encontramos maioritariamente os sintagmas *dente cabeiro* ou *moa cabeira* para designar a moa situada en última posición, no cabo da boca. En canto ao sintagma *moa do xuízo*, parécenos un calco do castelán *muela del juicio*, xa que na lexicografía galega case non se rexistra. De feito só atopamos o sintagma *moa do *xuicio* no dicionario de Eladio Rodríguez (1958-1961) e no glosario de Constantino García (1985). No resto das obras as denominacións existentes son as de *moa* ou *dente cabeiro*. Ademais, en ningún dos traballos de campo sobre CLVLC rexistramos *moa do xuízo*, sempre *moa do *xuicio* ou *moa do *juicio*, datos que nos levan a pensar que se debería revitalizar a denominación autóctona *moa do siso* (en portugués *dente do siso* é o único sintagma existente) ao mesmo tempo que se recupera *moa cabeira*.

Nocas: Parécenos interesante a recuperación desta forma, usada en plural, para designar informalmente o nariz e as súas concavidades, voz moi presente na nosa tradición lexicográfica xa desde Sarmiento (véxase táboa a seguir), mais ausente con esta acepción no DRAG, GDXL e GDS21. Nós rexistrámoslla a un dos rapaces máis novos en Agolada, no traballo sobre CLVLC, para designar os buratos do nariz. Con esta acepción só atopamos *nocas* en galego, nin en portugués nin en castelán, e Corominas explica que posíbelmente foi a complicada historia filolóxica do termo *noca* 'parte de atrás da cabeza' a que provocou malas interpretacións a nivel popular.

Perrera: En todas as obras lexicográficas consultadas, a excepción do GDXL onde existe a entrada *floco* con esta acepción, non atopamos ningunha voz que designe o pelo que cae

sobre a testa, e que permita por tanto destronar o castelanismo **flequillo*. Descoñecemos a orixe da palabra *perrera*, mais non nos parece que poida ser un castelanismo aínda que sexa así tratado polo GDXL. Por un lado non está recollido no *Diccionario de la Real Academia Española* nin no María Moliner con este significado, e Seco indica que se trata dun rexionalismo, para o que ofrece un exemplo de Cunqueiro; por outro lado, temos a raíz *perr-*, ao igual que en *perruquería*, *perruca* e *perruqueiro*. No *Diccionario General de la Lengua Asturiana* rexístrase *pirrera* en Astierna, no concello de Ibias, área limítrofe con Galicia, co significado de 'pelo de un hombre, de la frente, que cuelga hacia abajo'. Ademais, nos traballos de campo sobre CLVL é unha voz moi frecuente, viva incluso entre as persoas máis novas. Por estes motivos, consideramos máis interesante a integración nos dicionarios desta forma fronte a *floco*.

Queixal: No DRAG non atopamos esta forma para designar os dentes situados a seguir aos caninos. No DD encontramos rexistros de *queixal* co significado de 'molar' nos dicionarios de Eladio Rodríguez (1958-1961) e de Franco Grande (1972) (noutros autores *queixal* 'parte da cabeza do porco onde están os queixales', sendo nalgún caso os *queixales* os dentes inferiores e noutros os caninos). No GDXL *queixal* 'dente, especialmente os molares que se sitúan sobre a mandíbula inferior', mais cando procuramos *moa* ou *molar* non se ofrece *queixal* como variante para os rexistros informais. No ALGa só se rexistra no sur da provincia de Pontevedra, mais nós recolleemos esta voz entre a xente de máis idade (para os máis novos xa era unha palabra estraña) no traballo de campo sobre CLVL realizado en Agolada, o que nos leva a pensar que gozou de maior vitalidade na nosa lingua. En portugués segue a ser a resposta maioritaria nas enquisas do ALEPG. Corominas fala desta voz co significado de 'moa' no catalán e murciano, e da súa existencia no foro de Teruel (s. XV). Esta é unha das voces que corre o claro risco de desaparecer.

Sobrecello: No DRAG non atopamos ningunha forma para designar o espazo entre as sobrecellas e o lugar no que se implantan. No GDXL e no GDS21 temos *cello*, mais só neste último se dá *sobrancello* como sinónimo, aínda que despois non posúe entrada propia. Nas obras lexicográficas recollidas no DD ten maior presenza *sobrecello* (véxase táboa a seguir), e no TILG atopamos con maior frecuencia ou ben *sobrecello* ou ben *sobrancello*. Corominas tamén fala da existencia de *sobrencello* na nosa lingua, e no portugués temos *sobrecenho*, probábel castelanismo. Consideramos que *sobrecello* debe aparecer á par de *cello* por ser a forma autóctona (véxase na seguinte sección o comentario para a voz *sobrecella*), e ademais mantense así a congruencia coa forma *sobrecella*.

	Bugallo do ollo	Canto	Chavello	Moa cabeza	Nocas	Sobrecello Sobrancello
Sarmiento (1745-1770)	Non	Non	Non	Non	Si	Non
Sobreira (1787-1805)	Non	Non	Non	Non	Non	Non
F.J. Rodríguez (1855)	Si	C. do ollo	Non	Non	Si	Non
Pintos (1865)	Si	Non	Non	Non	Si	Sobrecello
Cuveiro (1876)	Si	C. do ollo	Non	Non	Si	Non
Valladares (1884)	Si	C. do ollo	Non	Non	Si	Sobrecello
Porto Rey (1900)	Non	C. do ollo	Si	Non	Non	Non
Leiras (1906)	Non	Non	Non	Non	Non	Non
RAG (1913-1928)	Si	C. do ollo	Non	Si	Non	Non
Filgueira (1926)	Non	C. do ollo e c. da boca	Non	Si	Si	Non
Carré (1928-1931)	Si	Non	Si	Si	Si	Non
Acevedo (1932)	Non	Non	Non	Non	Non	Non
Anibal Otero (1949-1977)	Non	Non	Non	Non	Non	Non
Ibáñez (1956)	Si	Non	Si	Si	Si	Non
Pereda (1953)	Non	Non	Non	Non	Non	Non
Eladio Rodríguez (1958-1961)	Si	C. do ollo e c. da boca	Si	Si	Si	Sobrecello e sobrancello
Franco Grande (1972)	Si	Non	Si	Si	Si	Sobrecello e sobrancello
Carré (1972)	Si	C. do ollo e c. da boca	Si	Si	Si	Sobrecello e sobrancello
Rivas (1978-2001)	Non	Non	Non	Non	Non	Non
Constantino (1985)	Si	Non	Non	Non	Non	Non
DRAG (2000)	Non	Non	Non	Non	Non	Non
GDXL (2000)	Si	Si	Si	Si	Non	Non
GDS21 (2006)	Si	Non	Si	Non	Non	Sobrancello

Taboa 1. Presenza dalgunhas das formas analizadas nas obras lexicográficas consultadas

3.2. Voces autóctonas secundarizadas

Se na sección anterior falamos da necesidade de recuperación dunha serie de voces autóctonas e de acepcións, agora faremos referencia a aquelas voces que, a pesar de estaren rexistradas no VOLGA e no DRAG, practicamente non teñen difusión nin no ensino nin na literatura por privilexiarse outras formas sinonímicas que case acabaron por substituír ás autóctonas. Para todas elas propomos a súa revitalización, e o seu uso ao mesmo nivel que os seus correspondentes sinónimos.

Capela do ollo: No DRAG rexístrase esta forma, e no VOLGA non sabemos se *capela* fai referencia á membrana que recobre o ollo. No GDXL nin sequera se rexistra, e no GDS21 baixo a entrada *capela* non atopamos *capela do ollo*, aínda que si se ofrece como sinónimo de *pálpebra*. En todos os libros e manuais de galego consultados³ a voz elexida é *pálpebra*, e no TILG hai numerosos rexistros de *pálpebra* e ningún de *capela do ollo*. Porén, o éxito de *pálpebra* entre os falantes é máis ben escaso (emprégase maioritariamente o castelanismo **párpado*), como tivemos ocasión de verificar nos traballos sobre CLVLC, onde algúns dos falantes de máis idade descoñecían o que significaba *pálpebra*. No caso de *capela do ollo*, rexístrámola no traballo sobre CLVLC realizado en Agolada, forma que algúns dos entrevistados aínda usaban ou oían na zona. Curiosamente no DD só atopamos *pálpebra* no dicionario de Franco Grande (1972), fronte aos oito rexistros de *capela* [Real Academia Galega (1913-1928), Filgueira (1926), Carré Alvarellos (1928-1931 e 1972), Ibáñez Fernández (1956), Eladio Rodríguez (1958-1961), Franco Grande (1972) e Constantino García (1985)]. No ALGA só temos *pálpebra* nun punto, namentres *capela* ocupa unha área compacta no centro de Galicia, área que se ve ampliada no ALPI a puntos de Ourense e da zona de Santiago. Ademais, existe o verbo *capelexar* ‘pestanexar’ e Constantino García rexistra no seu glosario (1985) o substantivo *capelo do ollo* como sinónimo de *cella*. No ALEPG é máis frecuente o latinismo *pálpebra*, mais tamén encontramos numerosas *capas do olho*, resultando interesante a súa presenza nos distritos norteños de Viana do Castelo, Vila Real e Bragança.

Fazula, faceira e moufa: Nos libros de texto e manuais consultados privilexiase a voz *meixela*, e o mesmo sucede nos textos literarios. No TILG hai abundantes rexistros de *meixela*, ao contrario do que sucede con *fazula* e *faceira*, aínda que *fazula* é máis frecuente que *faceira* (a presenza de *faceira* comeza a ser moito menor a partir da década de 40). Porén, a nivel dialectal, e tal como puidemos verificar nos traballos de campo sobre CLVLC, *meixela* practicamente non se rexistra, e de rexistrarse, atopamos preferencialmente o castelanismo **mejilla*. Pola contra, *faceira* e *fazula* contan con grande tradición lexicográfica (*faceira* xa en Sarmiento e *fazula* en practicamente todas as obras lexicográficas do s. XIX), e son formas aínda vivas na fala da xente, polo que deberían de ser revitalizadas. Outra cuestión de índole diferente é a definición que se ofrece no DRAG destas dúas voces, onde *faceira* é definida como cada unha das partes moles situadas a ambos os lados da cara “especialmente cando son prominentes e gordas”, namentres *fazula* non posúe esta especificidade; mais nin a nivel lexicográfico nin a través dos datos do ALPI, do ALGA e do TILG podemos concluír que as *fazulas* sexan avultadas e as *faceiras* non (ás veces até é ao contrario). Porén, tanto polo que puidemos verificar nos dicionarios como nos comentarios realizados polos falantes no noso traballo sobre CLVLC realizado en Agolada, a voz *moufa* si é empregada cando as *fazulas* son prominentes, característica á que non se fai referencia

³ Os libros e manuais consultados foron os seguintes: Rosario Álvarez Blanco / Rosa Mª López / Helena Pousa (1995): *Lingua Galega 1º BUP*. Madrid: Santillana; Luís Bará Torres / Manuel Lourenzo (1995): *Lingua Galega e Literatura 3*. A descrición. Vigo: Edicións Xerais; Xesús Mª García Barreiro / Plácido Lizanco (1994): *Retallos 1. Manual Práctico de Galego*. A Coruña: Edicións Fontel; Agostiño Nieto / Xosé Troitiño (1994): *Método activo de Lingua Galega (I)*. Vigo: Edicións do Cumio e CIESGA (coord.) (2002): *é-galego. Curso Multimedia de Galego*. Practicamente todos eles son da década dos 90, debido á dificultade que tivemos á hora de poder acceder á consulta de libros de texto máis recentes.

no DRAG. Pode ser que inicialmente non tivera esta connotación, mais o uso acabou por conferirla, polo que nos parece interesante a divulgación desta forma co significado de 'fazula avultada', sobre todo para substituír o tan difundido castelán **moflete*.

Perfeba: En todos os libros e manuais consultados só se recolle a denominación *pestana* para referirse aos pelos dos ollos. No TILG *pestana* está máis veces rexistrada, mais cuantitativamente non hai grandes diferenzas con respecto a *perfeba*. No DD esta forma posúe o mesmo número de entradas que *pestana*. Resulta curioso que no ALPI exista unha área de *perfeba* coincidente en grande parte coa de *capela do ollo*. Cremos que esta forma debería de ser revitalizada como sinónimo absoluto de *pestana*, xa que o seu uso é cada vez menos frecuente (nos traballos sobre CLVIC ningún dos entrevistados empregou esta voz), de xeito que corre o risco de acabar por desaparecer.

Sobrecella: Tras a análise dos libros e manuais escolares e do corpus do TILG, puidemos verificar que esta forma autóctona foi perdendo presenza respecto a *cella*. No ALGa encontramos unha área compacta de *cella* no SE de Galicia, mais no resto do territorio a forma que triunfou é **cexa* ou **ceja*, voz que se rexistra na parte máis occidental de Galicia, sendo precisamente nesta área onde tamén encontramos *sobrecella* e variantes. No TILG rexístrase até a década de 50 **cexa*, convivindo coa forma *sobrecella*, xa presente en textos de inicios do século XX, e só a partir dos 50 comeza a rexistrarse *cella*, voz que acabou por deixar de lado pouco a pouco a *sobrecella* (en Portugal segue a ser maioritaria a voz *sobrancelha*). Por outra parte, resulta curioso que ao procurar *cella* no DD, nos dicionarios de Cuveiro Piñol (1884) e Porto Rey (1900) só se recolle coa acepción de 'celda', e até no vocabulario de Filgueira Valverde (1926) non aparece definida como "a cuberta de pelos situada na testa por encima dos ollos". Estes datos lévannos a pensar, como ben sinala Corominas, que a forma *cella* acabou introducíndose na maior parte do territorio galego por influencia do castelán, polo que cremos que debería recuperarse *sobrecella* como sinónimo pleno de *cella*.

Testa: Aínda que se ofrece como sinónimo de *fronte* en todos os dicionarios, nos traballos de campo sobre CLVIC puidemos verificar un retroceso nesta forma autóctona que era a empregada normalmente para designar o espazo entre o sobrecello e a raíz do cabelo, como nos indica a súa abundante presenza na tradición lexicográfica. De feito no ALGa vese que, na altura da realización das enquisas, *testa*, aínda que distribuída por todo o territorio, xa estaba a perder forza perante o castelán **frente*, que é a forma que comezou a desprazar a nosa. Nos libros de texto consultados privilexiase a forma *fronte*, non sabemos se por *testa* tamén designar a cabeza en contextos informais. Atopamos *testa* coa mesma significación no portugués, onde é a única forma rexistrada nas enquisas do ALEPG, e no *Atlas Lingüístico de El Bierzo* aparece na parte máis occidental do Bierzo.

4. CONCLUSIÓN

O presente estudo sobre o léxico común da cabeza pon de manifesto o risco de desaparecer que corren moitas das voces autóctonas do galego, principalmente as autóctonas diferenciais, é dicir, aquelas que non son coincidentes coas formas do castelán.

Un dos problemas rexistrados é a exclusión dalgunhas das voces autóctonas, ou da súa acepción, das obras de referencia a nivel normativo. Nestas obras ás veces só se ofrece o tecnicismo (rexistramos voces como *globo ocular*, *incisivo* e *molar* e non *bugallo do ollo*, *dente do lume* e *queixal*); noutros casos non encontramos ningunha designación para determinadas partes da cabeza (por exemplo, non se ofrece ningunha voz para designar as depresións que se forman no queixo e nas fazulas a pesar de que existe a forma autóctona *goio*); e nalgunhas

ocasións rexístranse determinadas voces e non outras (véxase o caso da voz *fonte*, que non aparece á par de *sens*, *tempas* e *vidallas*).

Outro problema está relacionado co feito de que algunhas das formas autóctonas, aínda que rexistradas nas obras de referencia a nivel normativo, están a ser destronadas polos seus correspondentes sinónimos, a pesar da orixe dubidosa dalgúns deles (pensemos nas voces *cela* ou *moa do xuízo*).

Por último, hai que facer referencia a unha serie de voces usadas en contextos informais, como é o caso de *casco* 'cranio', *chavello* 'dente grande e deforme' e *nocas* 'nariz', que tampouco aparecen nas obras ás que nos estamos a referir con estas acepcións. Cremos que tales acepcións deberían de rexistrarse con algún tipo de indicación sobre o seu uso.

AGRADECEMENTOS

Queremos agradecerlle ao profesor João Saramago, do Centro de Linguística da Universidade de Lisboa, a súa grande amabilidade á hora de permitirmos consultar a base de datos do *Atlas Lingüístico-Etnográfico de Portugal e da Galiza* (ALEPG), xa que, sen os datos extraídos, esta proposta sería moito máis pobre. Tamén queremos manifestarlles a nosa gratitude ao profesor Xulio Sousa Fernández, por facilitarnos os datos galegos do *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica* (ALPI), que permitiron ampliar nalgúns casos os datos recollidos no *Atlas Lingüístico da Lingua Galega* (ALGa), e á profesora Rosario Álvarez Blanco, por posibilitarnos a consulta dos traballos realizados polas que foron as nosas compañeiras na disciplina Curso Monográfico de Lingüística Galega, e sobre todo, pola súa axuda ao longo da elaboración do presente artigo.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ALEPG = Saramago, João (dir.): *Atlas Lingüístico-Etnográfico de Portugal e da Galiza*. Lisboa: Centro de Linguística da Universidade de Lisboa [material inédito].
- ALGa = García, Constantino / Antón Santamarina (drs.) (2005): *Atlas Lingüístico Galego. Vol. V. Léxico. O ser humano (I)* [coord. por Rosario Álvarez Blanco, Francisco X. Dubert García e Xulio C. Sousa Fernández]. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza / Instituto da Lingua Galega.
- ALPI = Tomás Navarro, Tomás (dir.) (1931-1954): *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica* [cadernos inéditos].
- Corominas, Joan / José Antonio Pascual (1989²): *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*. Madrid: Gredos.
- DD = Santamarina, Antón (ed.) (2003): *Diccionario de diccionarios*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- DRAG = Real Academia Galega (2000³): *Diccionario da Real Academia Galega*. A Coruña / Vigo: Real Academia Galega / Galaxia.
- Fernández Salgado, Xosé Antonio (2004): "A interferencia do castelán no léxico galego: o castelanismo como recurso eufemístico", en Antón Santamarina / Francisco Fernández Rei / Rosario Álvarez (eds.), *A lingua galega, historia e actualidade. Actas do I Congreso internacional*, vol. I. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 501-507.
- García Arias, Xosé Lluis (2002): *Diccionario General de la Lengua Asturiana* (<http://mas.lne.es/diccionario>).
- GDS21 = Pena, Xosé Antonio (dir.) (2006): *Gran Diccionario Século 21 da Lingua Galega*. Vigo: Galaxia / Edicións do Cumio.
- GDXL = Carballeira Anllo, Xosé M^a (coord.) (2000): *Gran Diccionario Xerais da Lingua*. Vigo: Xerais.
- González Seoane, Ernesto (1994): "Variedade e empobrecemento do léxico", *Cadernos da lingua* 10, 89-102.
- Gutiérrez Tuñón, Manuel (dir.) (2002): *Atlas Lingüístico de El Bierzo*, vol. 2. Ponferrada: Instituto de Estudios Bercianos.
- Houaiss = Houaiss, António / Mauro de Salles Villar / Francisco Manoel de Mello Franco (dirs.) (2007): *Dicionário Eletrônico Houaiss da Língua Portuguesa*. Rio de Janeiro: Objetiva.

- Moliner, María (2001): *Diccionario de uso del español*. Madrid: Gredos (Edición Electrónica).
- Real Academia Española (2004): *Diccionario de la Lengua Española*. Madrid: Espasa Calpe.
- Sánchez Palomino, M^a Dolores (2003): "O papel dos dicionarios na conformación e difusión da variedade estándar da lingua", en María Álvarez de la Granja / Ernesto Xosé González Seoane (eds.), *A estandarización do léxico*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 387-418.
- Santamarina, A. (1994): "Norma e estándar", en G. Holtus / M. Metzeltin / C. Schmitt (eds.), *Lexikon der Romanistischen Linguistik (LRL)*, vol. VI/2. Tübingen: Max Niemeyer, 66-79.
- Seco, Manuel (dir.) (1999): *Diccionario del español actual*. Madrid: Aguilar.
- TILG = Santamarina, Antón (dir.) (2003): *Tesouro Informatizado da Lingua Galega*. Santiago de Compostela: usc (base de datos electrónica en URL: <http://www.ti.usc.es/tilg>) (01/ 12/ 2007-31/ 01/ 2008).
- VOLGA = González González, Manuel / Antón Santamarina Fernández (coords.) (2004): *Vocabulario Ortográfico da Lingua Galega (VOLGA)*. A Coruña / Santiago de Compostela: Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega.